

# FICHA DE COMPILADOR



**Nome:** Xesús Mato Mato

**Data de nacemento:** 1932-10-29

**Lugar de nacemento:** Cabodevila, San Martiño – Paradela

## Biografía:

Fillo de labregos, con cinco irmáns. Foi a unha escola rural e a pasantía cun crego; entre 1946 e 1958 estudou no Seminario de Lugo. Tras remata-la carreira sacerdotal, e durante a súa estancia como coadxutor en Lalín até 1967, foi fundador e primeiro director de Radio Popular de Lalín e da Coral Polifónica de Lalín. Traballou como técnico en radiodifusión e redactor en Madrid e pouco despois como asesor relixioso e redactor en Radio Popular de Lugo. Desde 1983 foi crego de seis parroquias na montaña do Cebreiro.

A comezos da década dos 70 funda e coordina Auxilia Lugo e comeza unha longa colaboración co xornal El Progreso. Fundou e dirixiu os coros dos colexios menores Santísimo Sacramento e Eijo Garay. Cofundador do grupo Fuxan os Ventos, participou en traballos como *Galicia canta ó Neno*.

Pódese acceder en rede ao volume de homenaxe que se lle dedicou en 2009: *Mato sono io... 100 amigos falan de Xesús Mato Mato*, Xulio Xiz (coord.), Lugo: Fundación Manuel María.

[http://www.galiciadigital.com/pcd/Biblioteca/narrativa/mato\\_sono\\_io.pdf](http://www.galiciadigital.com/pcd/Biblioteca/narrativa/mato_sono_io.pdf)

[citado 11 set 2016]



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades